



**Nº Expediente:** 11-0010-19/SA850A/2022/0923

**Actividade:** I CONGRESO INTERNACIONAL EN URGENCIAS Y EMERGENCIAS: CADA MINUTO CUENTA. Ed. ALCALA LA REAL. Subc. Dip./Grao en Enfermería, Téc. en Cuidados Auxiliares de Enfermería

**Entidade:** ASOCIACIÓN DE INMIGRANTES Y DESEMPLEADOS SEVENGUE

En relación á solicitude de acreditación da actividade arriba referenciada, comunícolle que a Permanente da Comisión Autonómica de Formación Continuada na súa reunión do 23/06/2022 **resolveu asignarlle 2 créditos**, o que se certifica para os efectos oportunos. **Así mesmo, comunícolle que esta actividade acredítase por 20 horas lectivas.**

**A Comisión lémbrelle que os especialistas en formación si poden asistir as actividades de formación continuada dirixidas a profesionais sanitarios, se o seu titor o considera oportuno e, sempre que non excedan o 50% dos participantes na actividade. En todo caso, non poderán recibir créditos de formación continuada.**

Contra esta acreditación e de acordo co artigo 8 da Orde do 25 de febreiro de 2009 pola que se establece o procedemento para solicitar a acreditación de actividades no sistema acreditador da formación continuada das profesións sanitarias na Comunidade Autónoma de Galicia a través de SAGa, poderá solicitar, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, a revisión por unha única vez ante a Comisión Autonómica de Formación Continuada.

Igualmente comunícolle que como consecuencia da actividade de avaliación e de conformidade co artigo 9 da Orde do 25 de febreiro de 2009, citada no parágrafo anterior, a actividade debe ser auditada pola Comisión Autonómica de Formación Continuada polo que se lle require para que, no prazo de quince días tras a finalización da actividade, remita a esta Secretaría Técnica:

- Lista de participantes
- Modificación eventual da información achegada ao formulario
- Persoa de contacto para a eventual realización da auditoría *in situ*.
- Modelo de certificado entregado
- Sistema de avaliación empregado
- Relación de participantes aos cales se lle expida o certificado, por teren superado a avaliación: debe presentarse en impreso tipo acta, asinado polo director da actividade formativa e polo representante da entidade promotora, incluíndo o nome, apelidos, DNI, titulación profesional e resultado da avaliación (o número de alumnos non debe ser superior ao referido no formulario).

Santiago de Compostela, na data da sinatura

A secretaria técnica,

Cristina Pérez Feás

ASOCIACIÓN DE INMIGRANTES Y DESEMPLEADOS SEVENGUE